

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

15768 *Real decreto lei 18/2021, do 28 de setembro, de medidas urxentes para a protección do emprego, a recuperación económica e a mellora do mercado de traballo.*

I

Ante a persistencia dos efectos da crise sanitaria e económica provocada pola pandemia do SARS-CoV-2, o Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, dispuxo a prórroga de diversas medidas aprobadas desde o estalido daquela para paliar os seus efectos negativos sobre o tecido empresarial e produtivo, sobre o mercado de traballo e sobre as persoas traballadoras.

Dotaba con iso de eficacia o V Acordo social en defensa do emprego (V ASDE), cuxo obxecto era o mantemento das medidas que resultasen necesarias para asegurar a continuidade da resposta dada á crise. Así, estableceuse a prórroga de tres tipos de medidas asociadas ao réxime especial de regulación temporal do emprego instituído con motivo da COVID-19:

a) As medidas extraordinarias en materia de exoneracións nas cotizacións á Seguridade Social, previstas no Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego.

b) As medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego das persoas traballadoras, provenientes do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

c) As medidas que, como complemento destas medidas de flexibilidade e de protección, van ligadas aos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE). Así, mantívose a vixencia dos artigos 2 e 5 da Lei 3/2021, do 12 de abril, pola que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados da COVID-19, e da disposición adicional sexta do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19. De igual forma, prorrogáronse os límites relativos á repartición de dividendos e á transparencia fiscal, e respecto da realización de horas extraordinarias e das novas externalizacións.

Todo iso acompañábase de medidas para asegurar a protección das persoas con contratos fixos discontinuos ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas, así como da prórroga do Plan Mecuida, regulado no artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo.

Por último, tamén se mantiña o papel protagonista da Comisión de Seguimento Tripartita Laboral, encargada de valorar a eficacia das medidas aprobadas e o desenvolvemento da situación que trataban de resolver. De igual maneira, volvéuselle encomendar o estudo das actuacións que resultase necesario desenvolver con posterioridade á finalización da eficacia das medidas contidas no propio Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio.

Neste marco, precisamente, a Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE), a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa (CEPYME), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT), xunto co Ministerio de Traballo e Economía Social e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, advertiron as seguintes circunstancias: en primeiro lugar, que a situación sanitaria, social e económica aínda ameaza con dar lugar a

gravísimas consecuencias se non se prevén as medidas apropiadas para iso; en segundo lugar, que se coincide na eficacia das medidas postas en marcha ata a data para evitar os ditos danos; e, en terceiro e último lugar, e como conclusión, que resulta necesario prolongar as devanditas medidas, sen prexuízo da súa adaptación a unhas circunstancias que non resultan idénticas a aquelas que motivaron a subscripción do V ASDE e a aprobación e publicación do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego.

E é que, aínda que a situación da pandemia e a crise derivada dela non se manteñen constantes, o certo é que perviven algunhas das súas consecuencias máis lesivas para a situación das empresas e das persoas traballadoras. Así mesmo, o carácter aínda incerto da súa evolución aconsella o mantemento do marco que lles permitiu ás empresas a adaptación aos distintos escenarios derivados daquela.

Ademais, á situación derivada da pandemia débese sumar a orixinada pola erupción volcánica iniciada o día 19 de setembro de 2021 na zona de Cumbre Vieja, en La Palma, que obrigou a evacuar amplas zonas da illa ante o avance da coada de lava. A actividade económica desenvolvida nestas zonas viuse, ante esta situación extraordinaria, detida por completo, o cal amosa unha situación similar á ocasionada pola COVID-19 no que respecta ás consecuencias para as empresas e as persoas traballadoras.

Tendo en conta a experiencia acumulada na loita contra as consecuencias negativas da COVID-19 no ámbito laboral, durante a cal os expedientes de regulación temporal de emprego se consolidaron como un mecanismo idóneo para paliarlas, no caso extraordinario da illa de La Palma resulta necesario prever un réxime similar a aquel, ao cal se estendan as medidas en materia de cotización e de protección por desemprego.

II

Con base nestas circunstancias, as organizacións sindicais UGT e CC.OO., as patronais CEOE e CEPYME, e o Ministerio de Traballo e Economía Social e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, tras negociaren as medidas oportunas para enfrontarse a esta situación, acadaron o VI Acordo social en defensa do emprego (VI ASDE), no cal se recolleu a prórroga das medidas extraordinarias en materia de cotización e de protección por desemprego (incluídas as medidas para persoas con contrato fixo discontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas), así como as medidas complementarias asociadas aos expedientes de regulación temporal de emprego relacionados coa COVID-19.

A dita prórroga subordínase, no caso de expedientes en vigor con data do 30 de setembro de 2021, á presentación dunha solicitude para ese efecto ante a autoridade laboral. Esta solicitude deberá ir acompañada dunha relación das horas ou días de traballo suspendidos ou reducidos, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2021, de cada unha das persoas traballadoras, e do informe da representación legal das persoas traballadoras no caso de expedientes por causas económicas, técnicas, organizativas e produtivas.

Así mesmo, o acceso ás medidas extraordinarias en materia de cotización e o recoñecemento das prestacións por desemprego exixirán a presentación, por parte das empresas cuxa prórroga sexa autorizada, dunha relación das persoas traballadoras que estivesen incluídas con data do 30 de setembro de 2021 no ámbito de aplicación do expediente de regulación temporal de emprego e que vaian permanecer incluídas no dito expediente durante a prórroga.

Por outra banda, recóllese a posibilidade de presentar novos expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento ou limitacións á actividade normalizada, para os cales se prevén, así mesmo, medidas extraordinarias en materia de cotización e de protección por desemprego. De igual forma, séguenlles resultando de aplicación as medidas complementarias asociadas a estes expedientes.

O real decreto lei, do mesmo xeito que as anteriores normas que se foron adoptando como consecuencia dos efectos negativos sobre as empresas e o emprego da situación de emerxencia sanitaria causada pola COVID-19, establece beneficios na cotización para as empresas afectadas por un expediente de regulación temporal de emprego vinculado á situación pandémica, aínda que incorporando unha relevante novidade, consistente na atribución de diferentes beneficios ás empresas que realicen accións formativas en favor das persoas incluídas no expediente de regulación temporal de emprego, coa finalidade de mellorar as competencias profesionais e a empregabilidade das ditas persoas. As accións formativas poderanse desenvolver a través de calquera dos tipos de formación previstos na Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral.

Priorizarase o desenvolvemento de accións formativas dirixidas a atender as necesidades reais de formación das empresas e traballadores, así como aquelas que permitan recualificar estes últimos, aínda que non teñan relación directa coa actividade desenvolvida na empresa.

Coa finalidade antes indicada, o artigo 3 do real decreto lei regula o réxime da formación que deberá impartirse; é destacable que a súa impartición ás persoas incluídas no expediente de regulación de emprego, sen prexuízo das maiores exencións na cotización que por ela correspondan, comportará un incremento dos créditos de que dispoñen as empresas para o financiamento da referida formación.

Támén se prevé a inclusión dunha obriga deste tipo no desenvolvemento do futuro Mecanismo de sustentabilidade no emprego.

Pola súa banda, o artigo 4 concreta as exencións na cotización á Seguridade Social que resultarán aplicables, que van desde unha exención do cen por cento nos expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento na actividade a contías que varían en función do número de traballadores da empresa e, de maneira innovadora, como se indicou anteriormente, de se a empresa desenvolve ou non accións formativas en favor dos traballadores afectados polos expedientes de regulación temporal de emprego por limitacións á actividade normalizada.

Con tal de garantir unha adecuada transición cara a este novo marco xurídico, dispónse a prórroga das previsións recollidas no título I e na disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, ata o 31 de outubro de 2021. Estas previsións seguiranse aplicando ata esa data tanto respecto dos expedientes vixentes en 30 de setembro de 2021 como en relación cos que se aproben ou comuniquen entre o 1 e o 31 de outubro, aos cales lles resultarán de aplicación, por tanto, as condicións que correspondesen durante o mes de setembro de 2021.

Canto á situación orixinada en La Palma, derivada da erupción volcánica iniciada na zona de Cumbre Vieja o día de 19 setembro de 2021, seguindo o esquema previsto para os expedientes relacionados coa COVID-19, establécese a posibilidade de que as empresas e persoas traballadoras afectadas por tal circunstancia se beneficien de medidas extraordinarias en materia de cotización e protección por desemprego previstas na norma, as cales se ligan á tramitación dun expediente por impedimento ou limitación no desenvolvemento da actividade normalizada.

Respecto da Comisión de Seguimento Tripartita Laboral, configúrase de novo como o instrumento central na tarefa de análise da situación orixinada pola pandemia, así como na valoración da eficacia das medidas previstas.

Por último, prorróganse, xunto con todo o anterior, o Plan Mecuida, ata o día 28 de febreiro de 2022, e as medidas de apoio e de protección por desemprego de artistas e outros profesionais que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas e espectáculos públicos, previstas no Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural. E iso co fin de ampliar a duración da prestación por desemprego de artistas en espectáculos públicos, persoal técnico e auxiliar do sector da cultura e profesionais taurinos, e de recoñecer un acceso extraordinario á dita prestación para os dous primeiros colectivos.

III

Por outra banda, faise preciso acomodar á nova situación de recuperación económica as prestacións que a Seguridade Social veu recoñecendo, desde o mesmo momento inicial da pandemia, en favor dos traballadores autónomos, aínda cando se manteña, no esencial, o mesmo esquema de protección. A través do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, deuse continuidade ás medidas protectoras que estableceran os reais decretos leis 30/2020 e 2/2021, razoando que naquel momento se revelaba como necesario manter as medidas excepcionais previstas ao comezo da crise sanitaria, pero sen prexuízo dunha «previsible e paulatina normalización da situación sanitaria». Así pois, ante o vencemento do prazo previsto no Real decreto lei 11/2021, fixado no 30 de setembro de 2021, e dada a evolución positiva da situación sanitaria, considerouse oportuno revisar certos aspectos das medidas establecidas naquela norma.

Como xa se anticipou, mantense a estrutura esencial do Real decreto lei 11/2021, de modo que se conserva a exoneración de cotas en porcentaxes variables entre o 90 e o 25 % en función do mes, así como tamén as tres prestacións reguladas naquel: unha extraordinaria por cesamento de actividade para os autónomos afectados pola suspensión da actividade; outra tamén extraordinaria para quen estivese percibindo prestacións por cesamento de actividade conforme o Real decreto lei 11/2021; outra extraordinaria para traballadores autónomos de tempada, e unha ordinaria de cesamento de actividade, compatible co traballo por conta propia. Cabe sinalar, con respecto á prestación extraordinaria dirixida aos autónomos acollidos ás prestacións por cesamento de actividade conforme o Real decreto lei 11/2021, que en diante a súa percepción quedará condicionada a que o beneficiario acredite unha diminución da facturación do 75 % e non perciba ingresos superiores ao 75 % do salario mínimo interprofesional no período de referencia.

Así mesmo, recóllense medidas especificamente dirixidas aos traballadores autónomos afectados pola erupción do volcán na illa de La Palma, acaecida o pasado 19 de setembro, cuxa complicada situación exige do Goberno a adopción de previsións especiais, co fin de que poidan facer fronte a un panorama en que as múltiples variables implicadas –físicas, xeolóxicas, climáticas– abocan á incerteza, actualmente, a todos os sectores económicos da illa.

Mantense a necesidade de garantir o diálogo social como forma de consenso na protección dos traballadores autónomos, tanto a través da comisión de seguimento creada ao abeiro do establecido na disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, como a previsión de revisar no marco do diálogo social a regulación da prestación por cesamento de actividade co fin de estender os supostos de acceso á dita prestación por cesamento temporal da actividade.

Por último, lévase a cabo a modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, coa finalidade de corrixir de forma urxente os problemas que as diferentes modificacións normativas puxeron de manifesto, tratando de garantir así a maior protección dos beneficiarios.

IV

O real decreto lei inclúe doce artigos, trece disposicións adicionais, unha disposición transitoria única e cinco disposicións derradeiras.

O VI Acordo social en defensa do emprego queda recollido no título I, que inclúe os sete primeiros artigos, así como nas disposicións adicionais primeira, segunda, terceira, cuarta e quinta.

O artigo 1 establece a prórroga dos expedientes de regulación temporal de emprego baseados en causas relacionadas coa situación pandémica ata o 28 de febreiro de 2022, sempre e cando se solicite esta á autoridade laboral e se presente a documentación

complementaria prevista. Tamén se prevé a remisión do expediente á Inspección de Traballo e Seguridade Social, para os efectos oportunos.

O artigo 2 recolle as regras aplicables a novos expedientes de regulación temporal de emprego por impedimento e limitacións que se poidan producir a partir da entrada en vigor do presente real decreto lei.

O artigo 3 establece o réxime das accións formativas a que se vinculan as exencións á Seguridade Social e recolle a obriga de realizar esas accións, o seu obxecto e requisitos, a información á representación legal das persoas traballadoras e a verificación e o control por parte da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, do Servizo Público de Emprego Estatal e da Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O artigo 4 regula os beneficios en materia de cotización dos expedientes de regulación de emprego prorrogados, en función de cada tipo de expediente.

O artigo 5 prorroga os contidos complementarios relacionados coa repartición de dividendos, a transparencia fiscal, a salvagarda do emprego e a realización de horas extraordinarias, novas contratacións e externalizacións, así como os artigos 2 e 5 da Lei 3/2021, do 12 de abril, pola que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados da COVID-19.

O artigo 6 prorroga as medidas de protección das persoas traballadoras recollidas no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

O artigo 7, pola súa banda, prorroga as medidas de protección por desemprego extraordinarias para persoas con contrato fixo discontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas.

O artigo 8 establece a exención na cotización a favor dos traballadores autónomos que percibisen algunha modalidade de prestación por cesamento de actividade ao abeiro do disposto no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio.

O artigo 9 regula a prestación extraordinaria por cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19.

O artigo 10 prevé a continuación da prestación por cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia, así como a solicitude da prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 327 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, polos traballadores autónomos en que concorran as condicións establecidas nas letras a), b), d) e e) do artigo 330.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e cumpran os requisitos que se recollen neste artigo.

O artigo 11 establece unha prestación extraordinaria de cesamento de actividade para aqueles traballadores autónomos que exercen actividade e en 30 de setembro de 2021 percibían algunha das prestacións de cesamento de actividade previstas nos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, e non poidan causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade prevista no artigo 10 deste real decreto lei.

O artigo 12 recolle a prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos de tempada.

A disposición adicional primeira recolle as funcións e o funcionamento da Comisión de Seguimento Tripartita Laboral.

A disposición adicional segunda regula a actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social, no exercicio das súas competencias, o control do cumprimento dos requisitos e das obrigas establecidas en relación coas exoneracións nas cotizacións da Seguridade Social relativas a expedientes de regulación temporal de emprego baseados en causas relacionadas coa COVID-19.

A disposición adicional terceira establece a necesidade de integrar, no futuro Mecanismo de sustentabilidade no emprego, a vinculación dos beneficios en materia de cotización ao desenvolvemento efectivo, por parte das empresas, de accións formativas.

A disposición adicional cuarta establece o requisito da presentación dunha relación das persoas traballadoras incluídas no ámbito de aplicación do expediente e que vaian permanecer incluídas nel, como condición para acceder ás medidas extraordinarias en materia de cotización e protección por desemprego.

A disposición adicional quinta establece as medidas extraordinarias para as empresas e persoas traballadoras das illas Canarias afectadas pola erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja, estendendo ás empresas que vexan impedida ou limitada a súa actividade por esa causa as medidas previstas para os expedientes relacionados coa COVID-19.

A disposición adicional sexta recolle as medidas extraordinarias da Seguridade Social para os traballadores autónomos afectados pola erupción do volcán de Cumbre Vieja, en La Palma.

A disposición adicional sétima do presente real decreto lei establece a constitución dunha comisión mixta de carácter paritario, integrada por representantes da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma de Canarias e das entidades locais afectadas, coa finalidade de planificar, impulsar e coordinar as actuacións e medidas que impulsen as administracións públicas para paliar os prexuízos que derivan dos movementos sísmicos e das erupcións volcánicas iniciadas na illa de La Palma a partir do mes de setembro.

Esta comisión mixta garantirá a actuación coordinada das diferentes administracións e asumirá, entre outras funcións, as previstas no artigo 25.2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, de protección civil, para as comisións de coordinación, co fin de evitar a duplicidade de órganos administrativos.

A disposición adicional oitava regula a posibilidade de que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social lles facilite ás fundacións laborais de carácter paritario, establecidas ao abeiro de convenios sectoriais de ámbito estatal, a información necesaria para que poidan xestionar as achegas destinadas ao seu funcionamento, conforme o establecido no convenio colectivo.

A disposición adicional novena prorroga o Plan Mecuida ata o día 28 de febreiro de 2022.

A disposición adicional décima, pola súa banda, prorroga as medidas de apoio e de protección por desemprego de artistas e outros profesionais que desenvolven a súa actividade nas artes escénicas e espectáculos públicos, previstas no Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro.

A disposición transitoria única dispón a prórroga do réxime recollido no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, ata o 31 de outubro de 2021.

A disposición adicional décimo primeira establece que «as exencións na cotización á Seguridade Social establecidas nos artigos 4 e 8 e na disposición transitoria única deste real decreto lei non terán efectos para as persoas traballadoras, e que se manterá a consideración do período en que se apliquen como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido nos números 1 e 3 do artigo 20 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social».

A disposición adicional décimo segunda encoméndalle á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social o seguimento e a avaliación das medidas establecidas nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12.

A disposición adicional décimo terceira prevé a revisión, no marco do diálogo social, da regulación da prestación por cesamento de actividade, co fin de estender os supostos de acceso á dita prestación por cesamento temporal da actividade, así como de incluír, dentro da acción protectora, outras situacións relacionadas con causas derivadas dun ciclo económico negativo ou outro tipo de cambios económicos de natureza estrutural.

A disposición transitoria única dispón a prórroga do réxime recollido no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, ata o 31 de outubro de 2021.

A disposición derradeira primeira modifica o número 7 do artigo 8 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

A través da disposición derradeira segunda modifícase o Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio. Concretamente, modifícase o número 2 do artigo 7 coa finalidade de reverter a regulación dada polo Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, con efectos retroactivos a partir do 11 de xullo de 2021, data de entrada en vigor da Lei 10/2021, do 9 de xullo, de traballo a distancia.

A disposición derradeira terceira refírese aos títulos competenciais ao abeiro dos cales se dita este real decreto lei, a disposición derradeira cuarta habilita o Goberno para o desenvolvemento e a execución do previsto nesta norma e a disposición derradeira quinta refírese á súa entrada en vigor.

V

Respecto do suposto habilitante de extraordinaria e urxente necesidade, establecido no artigo 86.1 da Constitución española, o contido do real decreto lei fundaméntase en motivos obxectivos, de oportunidade política e extraordinaria urxencia que requiren a súa aprobación inmediata, entre outros a situación grave e excepcional que persiste como consecuencia da situación de crise sanitaria provocada pola COVID-19, así como a derivada da erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja, en La Palma, o que fai indispensable dar unha resposta adecuada ás necesidades que se expoñen no ámbito laboral e social.

O artigo 86 da Constitución española permítelle ao Goberno ditar reais decretos lei «en caso de extraordinaria e urxente necesidade», sempre que non afecten o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

O real decreto lei constitúe, desta forma, un instrumento constitucionalmente lícito, sempre que, tal como reiteradamente exixiu o noso Tribunal Constitucional (SSTC 6/1983, do 4 de febreiro, F.X. 5; 11/2002, do 17 xaneiro, F.X. 4; 137/2003, do 3 de xullo, F.X. 3; 189/2005, do 7 de xullo, F.X. 3; 68/2007, F.X. 10, e 137/2011, F.X. 7), o fin que xustifica a lexislación de urxencia sexa remediar unha situación concreta, dentro dos obxectivos gobernamentais, que por razóns difíciles de prever require unha acción normativa inmediata nun prazo máis breve que o requirido pola vía normal ou polo procedemento de urxencia para a tramitación parlamentaria das leis, máxime cando a determinación do dito procedemento non depende do Goberno.

En definitiva, a extraordinaria e urxente necesidade de aprobar o presente real decreto lei inscríbese no xuízo político ou de oportunidade que lle corresponde ao Goberno (SSTC 61/2018, do 7 de xuño, F.X. 4; 142/2014, do 11 de setembro, F.X. 3) e esta decisión, sen dúbida, supón unha ordenación de prioridades políticas de actuación (STC 14/2020, do 28 de xaneiro, F.X. 4), centradas en dar unha resposta adecuada que permita restablecer o funcionamento normal da actividade económica e produtiva das empresas, a necesaria seguridade xurídica e a protección dos colectivos que puideren resultar vulnerables ante a concorrencia da situación descrita e que se definen pola súa condición extraordinaria e urxente.

Todas as razóns expostas xustifican ampla e razoadamente a adopción da presente norma (SSTC 29/1982, do 31 de maio, F.X. 3; 111/1983, do 2 de decembro, F.X. 5; 182/1997, do 20 de outubro, F.X. 3), e existe a necesaria conexión entre a situación de urxencia exposta e a medida concreta adoptada para remediala, sen que constituía un suposto de uso abusivo ou arbitrario do referido instrumento constitucional.

En suma, nas medidas que se adoptan no presente real decreto lei concorren as circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade previstas no artigo 86 da Constitución española; por outra banda, considérase que os obxectivos que se pretenden acadar con el non se poden conseguir a través da tramitación dunha lei polo procedemento de urxencia.

Así mesmo, debe sinalarse que este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados

no título I das Constitución española, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

VI

Esta norma axústase aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en particular aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia.

Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, a iniciativa normativa está xustificada por unha razón de interese xeral, tras se identificaren os fins perseguidos e ao se entender que o real decreto lei é o instrumento máis adecuado para garantir a súa consecución. Por outra banda, as medidas contidas no real decreto lei son adecuadas e proporcionadas ás necesidades que exige o seu ditado, tras se constatar que non existen outras medidas menos restritivas de dereitos ou que impoñan menos obrigas aos destinatarios. Pola súa vez, como garantía do principio de seguridade xurídica, esta iniciativa normativa adóptase de maneira coherente co resto do ordenamento xurídico, xerando un marco normativo de certeza que facilita o seu coñecemento e, en consecuencia, a actuación e toma de decisións das persoas e empresas afectadas.

Con esta norma, de igual maneira, obsérvase o principio de transparencia, ao definir claramente a situación que a motiva e os seus obxectivos, descritos na parte expositiva do texto e na epígrafe correspondente da memoria, sen que se realizasen os trámites de participación pública que se establecen no artigo 26 da citada Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, ao abeiro da excepción que, para os reais decretos lei, regula o número 11 do aludido precepto.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a e 17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas nas materias de lexislación laboral e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Traballo e Economía Social e do ministro de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 28 de setembro de 2021,

DISPOÑO:

TÍTULO I

VI Acordo social en defensa do emprego

Artigo 1. Autorización da prórroga dos expedientes de regulación temporal de emprego vinculados á crise pandémica.

1. A prórroga dos expedientes de regulación temporal de emprego vixentes con data do 30 de setembro de 2021 con base no disposto nos artigos 1 e 2 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, e daqueles a que resulte de aplicación o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19, autorizarase logo de presentación, por parte da empresa ou da entidade titular, dunha solicitude para o efecto, acompañada da documentación referida no número 2 deste artigo, ante a autoridade laboral que autorizou ou tramitou o expediente correspondente, entre o 1 e o 15 de outubro de 2021.

De non se presentar a solicitude acompañada da dita documentación dentro do prazo establecido, o expediente de regulación temporal de emprego darase por finalizado e non será aplicable desde o 1 de novembro de 2021.

2. Coa solicitude de prórroga do expediente deberase achegar unha relación das horas ou días de traballo suspendidos ou reducidos, durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2021, de cada unha das persoas traballadoras, debidamente identificadas en relación con cada un dos centros de traballo.

No suposto dos expedientes a que resulte de aplicación o artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, achegarase, ademais, informe da representación das persoas traballadoras con que se negociou aquel.

3. A autoridade laboral, sen prexuízo de ditar a correspondente resolución, remitiralle o expediente á Inspección de Traballo e Seguridade Social, para os efectos que eventualmente procedan.

4. No prazo de dez días hábiles desde a presentación da solicitude por parte da empresa, a autoridade laboral deberá ditar resolución, que será estimatoria e prorrogará o expediente ata o 28 de febreiro de 2022 sempre que efectivamente se presentase a documentación exixida conforme os requisitos do número 2.

Na falta de resolución expresa, entenderase estimada a solicitude de prórroga.

Artigo 2. Expediente de regulación temporal de emprego por impedimento ou por limitación á actividade normalizada e tránsito entre ambos.

1. As empresas e entidades afectadas por novas restricións e medidas de contención sanitaria vinculadas á COVID-19, que sexan adoptadas polas autoridades competentes entre o 1 de novembro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022, poderán solicitar un expediente de regulación temporal de emprego por impedimento ou limitacións á actividade normalizada, nos termos recollidos no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, salvo que lles resulte de aplicación o previsto no número 2.

Estas empresas e entidades poderanse beneficiar, respecto das persoas traballadoras adscritas e en alta nos códigos de conta de cotización dos centros de traballo afectados, das porcentaxes de exención previstas para cada tipo de expedientes no artigo 4, sempre que cumpran o resto dos requisitos recollidos nesta norma.

Na falta de resolución expresa, entenderase estimada a solicitude de expediente de regulación temporal de emprego de forza maior.

Será requisito indispensable para a aplicación das medidas extraordinarias en materia de cotización e prestacións por desemprego previstas nos artigos 4 e 6 que se cumpran os requisitos e procedementos establecidos nesta norma.

2. As empresas que obtivesen, conforme o recollido no número anterior, autorización para a aplicación dun expediente de regulación temporal de emprego por impedimento ou por limitacións á actividade normalizada, ou que recibisen resolución estimatoria da solicitude de prórroga dun expediente por impedimento ou dun expediente por limitacións á actividade normalizada segundo o disposto no artigo 1, poderán transitar da situación de impedimento á de limitación ou viceversa, como consecuencia das modulacións nas restricións sanitarias adoptadas polas autoridades competentes, sen que sexa precisa a tramitación dun novo expediente de regulación temporal de emprego.

Sen prexuízo do anterior, resultarán aplicables, en cada momento, as porcentaxes de exoneración previstas para este tipo de expedientes no artigo 4, en función da natureza impositiva ou limitativa da situación de forza maior en que se encontre a empresa.

3. As empresas cuxa situación se vise modificada nos termos descritos no número anterior deberánlles comunicar o cambio de situación producido, a data de efectos, así como os centros e persoas traballadoras afectadas, á autoridade laboral que aprobouse o expediente e á representación legal das persoas traballadoras.

As empresas que comunicasen o devandito cambio de situación á autoridade laboral deberán presentar unha declaración responsable ante a Tesouraría Xeral da Seguridade

Social, nos termos establecidos no artigo 2.3 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, e a dita declaración responsable será suficiente para aplicar as porcentaxes de exención correspondentes, en función da natureza impeditiva ou limitativa da situación de forza maior en que se encontre a empresa en cada momento.

A autoridade laboral trasladaralle a dita comunicación á Inspección de Traballo e Seguridade Social para os efectos do desenvolvemento daquelas accións de control que se determinen sobre a correcta aplicación das exencións no pagamento das cotas da Seguridade Social.

Así mesmo, resultará aplicable a estes expedientes o requisito a que se refire a disposición adicional cuarta.

Artigo 3. *Accións formativas vinculadas ás exencións na cotización á Seguridade Social.*

1. Para obter as exencións na cotización á Seguridade Social a que se refiren os puntos 1.a).2.º e 1.b).2.º do artigo 4, e sen prexuízo do resto dos requisitos previstos nesta norma, as empresas cuxo expediente de regulación temporal de emprego sexa prorrogado nos termos recollidos no artigo 1, e aquelas que se encontren nalguna das situacións limitativas previstas no artigo 2, terán que desenvolver accións formativas para cada unha das persoas afectadas polo ERTE entre o 1 de novembro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022, coas características recollidas neste artigo.

2. As accións formativas referidas terán como obxectivo a mellora das competencias profesionais e a empregabilidade das persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego.

A través destas accións priorizarase o desenvolvemento de accións formativas dirixidas a atender as necesidades formativas reais das empresas e dos traballadores, incluídas as vinculadas á adquisición de competencias dixitais, así como aquelas que permitan recualificar as persoas traballadoras, aínda que non teñan relación directa coa actividade desenvolvida na empresa.

3. As accións formativas desenvolveranse a través de calquera dos tipos de formación previstos na Lei 30/2015, do 9 de setembro, pola que se regula o sistema de formación profesional para o emprego no ámbito laboral, de acordo cos requisitos e procedementos establecidos na devandita norma.

O prazo para a prestación efectiva das accións formativas finalizará o 30 de xuño de 2022.

O número mínimo de horas de formación que debe realizar cada persoa traballadora polas cales as empresas se aplicasen as exencións a que se refiren os puntos 1.a).2.º e 1.b).2.º do artigo 4, durante o período regulado neste real decreto lei, establécese a continuación en función do tamaño da empresa, a partir de 10 persoas no cadro de persoal:

- a) De 10 a 49 persoas traballadoras: 30 horas.
- b) De 50 ou máis: 40 horas.

Estas accións formativas deberán desenvolverse durante a aplicación da redución de xornada ou suspensión do contrato, no ámbito dun expediente de regulación temporal de emprego, ou en tempo de traballo. En calquera caso, deberán respectarse os descansos legalmente establecidos e o dereito á conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

4. A representación legal das persoas traballadoras, de existir, deberá ser informada sobre as accións formativas propostas.

5. Unha vez transcorrido o período máximo para a execución das accións formativas, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social comunicaralle ao Servizo Público de Emprego Estatal a relación de persoas traballadoras polas cales as empresas se aplicaron as exencións establecidas nos puntos 1.a).2.º e 1.b).2.º, durante o período comprendido entre o 1 de novembro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022.

O Servizo Público de Emprego Estatal, pola súa banda, verificará a realización das accións formativas, conforme todos os requisitos establecidos neste artigo.

Cando non se realizasen as accións formativas a que se refire este artigo, segundo a verificación realizada polo Servizo Público de Emprego Estatal, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social informará de tal circunstancia a Inspección de Traballo e Seguridade Social para que esta inicie os expedientes sancionadores e liquidatorios de cotas que correspondan pola diferenza entre os importes aplicados e os establecidos, respectivamente, nos puntos 1.a).1.º e 1.b).1.º do artigo 4, respecto de cada unha das persoas traballadoras polas cales non se realizaron as ditas accións.

6. No suposto de que a empresa acredite a posta á disposición das accións formativas ás persoas traballadoras non estará obrigada ao reintegro das exencións a que se refire o número anterior cando a persoa traballadora non as realízase.

7. A Tesouraría Xeral da Seguridade Social e o Servizo Público de Emprego Estatal implantarán procedementos automatizados de interoperabilidade, incluídos servizos web, para o intercambio dos datos de que dispoñan relativos á iniciativa de formación de empresas para a posta en marcha desta liña de bonificación.

8. Sen prexuízo dos beneficios en materia de exoneracións previstos nesta norma e do seu condicionamento á formación segundo o previsto neste artigo, as empresas que formen persoas afectadas por expedientes de regulación temporal de emprego nas condicións previstas nos parágrafos anteriores terán dereito a un incremento de crédito, para o financiamento de accións no ámbito da formación programada, da cantidade que se indica a continuación, en función do tamaño da empresa:

- a) De 1 a 9 persoas traballadoras: 425 euros por persoa.
- b) De 10 a 49 persoas traballadoras: 400 euros por persoa.
- c) De 50 ou máis persoas: 320 euros por persoa.

Este incremento de crédito será financiado a través dunha achega extraordinaria ao orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal.

Así mesmo, para o seguimento desta formación, o Servizo Público de Emprego Estatal será reforzado nas súas unidades provinciais de xestión.

Artigo 4. *Beneficios en materia de cotización dos expedientes de regulación temporal de emprego.*

1. Os expedientes de regulación temporal de emprego por limitacións na actividade normalizada a que se refiren os artigos 1 e 2 poderanse beneficiar das seguintes porcentaxes de exención na cotización á Seguridade Social:

a) No suposto de que a empresa tivese dez ou máis persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020, as porcentaxes de exoneración da achega empresarial devindicada en novembro e decembro de 2021 e xaneiro e febreiro de 2022 serán as seguintes:

1.º O 40 por cento no suposto de que a empresa non desenvolva, conforme o establecido no artigo 3, accións formativas para as persoas ás cales se lles suspenda o seu contrato de traballo ou se reduza a súa xornada laboral no período indicado.

2.º O 80 por cento no suposto de que a empresa desenvolva, conforme o establecido no artigo 3, accións formativas para as persoas ás cales se lles suspenda o seu contrato de traballo ou se reduza a súa xornada laboral no período indicado.

b) No suposto de que a empresa tivese menos de dez persoas traballadoras ou asimiladas a elas en situación de alta na Seguridade Social en 29 de febreiro de 2020,

as porcentaxes de exoneración da achega empresarial devindicada en novembro e decembro de 2021 e xaneiro e febreiro de 2022 serán as seguintes:

1.º O 50 por cento no suposto de que a empresa non desenvolva, conforme o establecido no artigo 3, accións formativas para as persoas ás cales se lles suspenda o seu contrato de traballo ou se reduza a súa xornada laboral no período indicado.

2.º O 80 por cento no suposto de que a empresa desenvolva, conforme o establecido no artigo 3, accións formativas para as persoas ás cales se lles suspenda o seu contrato de traballo ou se reduza a súa xornada laboral no período indicado.

2. As empresas e entidades de calquera sector ou actividade que teñan autorizados expedientes de regulación temporal de emprego por impedimentos na actividade a que se refiren os artigos 1 e 2 poderanse beneficiar, respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas, nos centros afectados, polos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, dunha exoneración do 100 por cento da achega empresarial devindicada a partir do mes de novembro de 2021, durante o período de peche, e ata o 28 de febreiro de 2022.

3. Poderanse beneficiar das porcentaxes de exoneración do número 1 os expedientes de regulación temporal de emprego das empresas seguintes:

a) Empresas a que se refiren os números 1 e 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, cuxo expediente se prorrogue conforme o establecido no artigo 1.

b) Empresas ás cales se refire a letra a) do número 2 da disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, que transiten, entre o 1 de outubro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022, desde un expediente de regulación temporal de emprego de forza maior baseado nas causas do artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a un de causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o establecido no artigo 5 deste real decreto lei.

c) Empresas que, tendo sido cualificadas como dependentes ou integrantes da cadea de valor, conforme o establecido na disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, transiten, no período comprendido entre o 1 de outubro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022, desde un expediente de regulación temporal de emprego por causas de forza maior baseado no artigo 22 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, a un por causas económicas, técnicas, organizativas ou de produción, conforme o establecido no artigo 5 deste real decreto lei.

4. As exencións a que se refiren os puntos anteriores aplicaranse, respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas entre o 1 de novembro de 2021 e o 28 de febreiro de 2022, e dos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

O procedemento e os requisitos para a aplicación das exoneracións de cotas a que se refiren os puntos anteriores serán os establecidos no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, sen prexuízo do previsto nos artigos 1, 2 e 3 e nos números 5 e 6 deste artigo.

5. Para os efectos do establecido no número 3, respecto das empresas a que se refire a disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, considerarase que o código da CNAE-09 en que se clasifica a actividade da empresa é o que resulte de aplicación para determinar os tipos de cotización para a cobertura das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais respecto das liquidacións de cotas presentadas en setembro de 2020, segundo o establecido na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

6. As exencións a que se refiren os puntos 1.a).2.º e 1.b).2.º serán aplicadas pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social por instancia da empresa, logo de comunicación da identificación das persoas traballadoras beneficiadas pola acción formativa e período da suspensión ou redución de xornada. Esta comunicación, sobre as persoas traballadoras e os períodos, constituirá unha declaración responsable sobre o compromiso da empresa de realización das accións formativas a que se refire o artigo 3.

Para que a exención resulte de aplicación, esta comunicación e declaración responsable deberase presentar antes de se solicitar o cálculo da liquidación de cotas correspondente ao período de devindicación das primeiras cotas sobre as cales teñan efectos as ditas declaracións. Se a comunicación e declaración responsable se efectuar nun momento posterior á última solicitude do cálculo da liquidación de cotas dentro do período de presentación en prazo regulamentario correspondente, estas exencións unicamente se aplicarán ás liquidacións que se presenten con posterioridade, pero non aos períodos xa liquidados.

A comunicación e declaración responsable a que se refire este número deberase realizar, mediante a transmisión dos datos que estableza a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través do Sistema de remisión electrónica de datos no ámbito da Seguridade Social (Sistema RED), regulado na Orde ESS/484/2013, do 26 de marzo.

Artigo 5. Prórroga de contidos complementarios do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

1. As empresas que, con data do 31 de outubro de 2021, estean aplicando un expediente de regulación temporal de emprego por forza maior relacionada coa COVID-19 poderán tramitar un expediente de regulación temporal de emprego, de conformidade co previsto no artigo 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, durante a vixencia daquel.

Neste suposto, a data de efectos deste retrotraerase á data de finalización daquel.

2. Os límites e previsións relacionados coa repartición de dividendos a que se refire o artigo 4 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manteranse vixentes ata o 28 de febreiro de 2022 para todos os expedientes, autorizados con anterioridade ou en virtude da presente norma, a que se apliquen as exoneracións previstas neste real decreto lei.

As administracións tributarias proporcionaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a identificación das empresas que incumprisen o requisito a que se refire este número, respecto das exencións aplicadas en cada un dos anos en que as aplicasen como consecuencia do establecido no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio, de medidas sociais en defensa do emprego; no Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, de medidas sociais de reactivación do emprego e protección do traballo autónomo e de competitividade do sector industrial; no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro; no Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro; no Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, de reforzo e consolidación de medidas sociais en defensa do emprego; no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, e no artigo 4 deste real decreto lei.

Para os efectos do cumprimento do establecido no parágrafo anterior, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social proporcionarlles ás administracións tributarias a relación de empresas a que se aplicaron exencións na cotización.

3. Os límites e previsións relacionados con transparencia fiscal a que se refire o artigo 4 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manteranse vixentes ata o 28 de febreiro de 2022 para todos os expedientes autorizados con anterioridade ou en virtude deste real decreto lei.

Resultará de aplicación, respecto do indicado neste número, o establecido nos dous últimos parágrafos do número anterior.

4. A salvagarda do emprego será de aplicación de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, en relación cos períodos anteriores e co

que deriva dos beneficios recollidos na presente norma, e de conformidade cos prazos correspondentes.

5. Os límites e excepcións en relación coa realización de horas extraordinarias, novas contratacións e externalizacións, a que se refire o artigo 7 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, manteranse vixentes ata o 28 de febreiro de 2022 e resultarán igualmente de aplicación a todos os expedientes autorizados en virtude deste real decreto lei.

6. Os artigos 2 e 5 da Lei 3/2021, do 12 de abril, pola que se adoptan medidas complementarias, no ámbito laboral, para paliar os efectos derivados da COVID-19, permanecerán vixentes ata o 28 de febreiro de 2022.

Artigo 6. Prórroga das medidas de protección das persoas traballadoras recollidas no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.

1. As medidas de protección por desemprego previstas nos puntos 1.a) e 2 ao 5 do artigo 25 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables ata o 28 de febreiro de 2022 ás persoas afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire esta norma.

2. A contía da prestación por desemprego recoñecida ás persoas traballadoras afectadas polos procedementos de suspensión de contratos e redución de xornada referidos neste real decreto lei determinarase aplicando, á base reguladora da relación laboral afectada polo expediente, a porcentaxe do 70 por cento ata o 28 de febreiro de 2022, sen prexuízo da aplicación das contías máximas e mínimas previstas no artigo 270.3 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

3. As medidas extraordinarias para a protección das persoas traballadoras previstas nos artigos 10 e 11 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, serán de aplicación ata o 28 de febreiro de 2022, tanto para as persoas afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren os devanditos preceptos, como para as afectadas polos expedientes de regulación de emprego que se recollen no Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro, e no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, así como neste real decreto lei.

4. As empresas ás cales lles sexa autorizada a prórroga dun expediente de regulación temporal de emprego en virtude do previsto no artigo 1 deberán formular unha nova solicitude colectiva de prestacións por desemprego no prazo de quince días hábiles seguintes ao 1 de novembro de 2021 ou á data da notificación da resolución expresa da autoridade laboral en que se aprobe a prórroga, ou do certificado acreditativo do silencio administrativo, no caso de que sexa posterior ao 1 de novembro.

No caso de novos expedientes de regulación temporal de emprego tramitados de acordo co previsto no artigo 2, a solicitude colectiva deberá presentarse no prazo de quince días hábiles seguintes á notificación da resolución expresa estimatoria da autoridade laboral ou do certificado acreditativo do silencio administrativo.

En caso de solicitude extemporánea, a prestación por desemprego recoñecerase a partir da data de presentación, sen prexuízo de que a entidade xestora comunique esta circunstancia á Inspección de Traballo e Seguridade Social para os efectos oportunos.

5. A entidade xestora recoñecerá as prestacións con efectos do primeiro día a partir do cal poidan resultar de aplicación as medidas de suspensión ou redución de xornada, e aboaraas unha vez que reciba a comunicación empresarial a que se refiren os parágrafos seguintes.

A empresa deberá comunicar a mes vencido, a través da comunicación de períodos de actividade da aplicación certific@2, a información sobre os períodos de actividade e inactividade das persoas traballadoras afectadas polo procedemento de regulación temporal de emprego no mes natural inmediato anterior.

Esta comunicación deberá remitirse, en todo caso, nas seguintes situacións:

- a) Cando a persoa traballadora permanecese en situación de inactividade durante todo o mes natural.
- b) Cando a persoa traballadora combinase períodos de actividade e de inactividade.
- c) Cando a persoa traballadora prestase servizos en redución de xornada durante todo o mes ou unha parte deste.
- d) Cando, no mes natural, se combinasen días de inactividade e días traballados en redución de xornada.

No caso dos días traballados en redución de xornada, as horas traballadas converteranse en días completos equivalentes de actividade. Para iso, dividirase o número total de horas traballadas no mes entre o número de horas que constituísen a xornada habitual da persoa traballadora con carácter previo á aplicación da redución de xornada.

As empresas que desafecten algunha ou todas as persoas traballadoras deberán comunicarlle á entidade xestora a baixa na prestación de quen deixe de estar afectada polas medidas de suspensión ou redución con carácter previo á súa efectividade.

As empresas que decidan renunciar con carácter total e definitivo ao expediente de regulación temporal de emprego deberán, igualmente, efectuar a comunicación referida.

6. A comunicación prevista no número 5 enténdese sen prexuízo da obriga da empresa de lle comunicar á entidade xestora, con carácter previo, as baixas e as variacións das medidas de suspensión e redución de xornada, nos termos legalmente establecidos. A Inspección de Traballo e Seguridade Social terá os citados datos ao seu dispor.

Artigo 7. Prórroga das medidas de protección por desemprego extraordinarias para persoas con contrato fixo discontinuo ou que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas.

1. Poderán acceder á prestación extraordinaria regulada no artigo 9.1 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, as persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo e aquelas con contrato a tempo parcial que realizan traballos fixos e periódicos que se repiten en datas certas que estivesen incluídas, durante todo ou parte do período teórico de actividade do ano 2021, por un expediente de regulación temporal de emprego baseado nas causas recollidas nos artigos 22 e 23 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, cando deixen de estar incluídas no expediente de regulación temporal de emprego por acadarse a data en que finalizase o período de actividade, ou cando efectivamente finalice o devandito período de actividade.

O recoñecemento desta prestación exixirá que a empresa presente unha solicitude colectiva de prestacións extraordinarias, que incluírá todas as persoas con contrato fixo discontinuo ou para a realización de traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas que deixen de estar incluídas no expediente de regulación temporal de emprego, ou que finalicen un período de actividade durante o cal se visen afectadas por un expediente de regulación temporal de emprego.

2. Igualmente, poderán acceder á prestación extraordinaria regulada no artigo 9 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, as persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo ou contrato indefinido a tempo parcial para desempeñar traballos fixos e periódicos que se realizan en datas certas que, sen verse afectadas por un expediente de regulación temporal de emprego durante a súa última campaña, visen interrompida a súa actividade con situación legal de desemprego, aínda que teñan dereito á prestación contributiva.

Tamén poderán acceder a esta prestación extraordinaria as persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo ou contrato indefinido a tempo parcial para desempeñar

traballos fixos e periódicos que se realizan en datas certas, que esgoten a prestación contributiva antes do 28 de febreiro de 2022.

3. A duración desta prestación extraordinaria estenderase desde o día a seguinte á finalización da campaña de actividade ou do esgotamento da prestación contributiva ata o 28 de febreiro de 2022. Para iso será necesario que a solicitude se presente dentro do prazo previsto no artigo 268 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social. De non presentarse dentro do devandito prazo, a prestación nacerá o mesmo día da solicitude.

4. A prestación poderá interromperse pola reincorporación temporal da persoa traballadora á súa actividade. Neste caso, a empresa deberá comunicarlle á entidade xestora a baixa da persoa traballadora na prestación extraordinaria. Será a persoa traballadora a obrigada a comunicarlle a súa baixa á entidade xestora se inicia un traballo por conta propia ou por conta allea en empresa distinta daquela coa cal ten suscrito o contrato fixo discontinuo. En todos os casos, a prestación extraordinaria poderá restablecerse logo de solicitude da persoa traballadora que acredite o cesamento involuntario no traballo por conta propia ou que se atopa novamente en situación legal de desemprego, sempre que aquela se presente antes do día 28 de febreiro de 2022.

5. Cando a prestación extraordinaria se recoñeza en virtude do disposto no número 1, será compatible co traballo por conta allea a tempo parcial que se mantivese durante o expediente de regulación temporal de emprego previo, sen dedución ningunha. No resto dos supostos, procederá a dedución no importe da prestación da parte proporcional ao tempo traballado.

6. Esta prestación aboarase por períodos mensuais e calcularase sobre a mesma base reguladora que a última prestación contributiva por desemprego que a persoa afectada percibise ou, de ser o caso, sobre a base reguladora da prestación contributiva.

Non obstante, a contía da prestación extraordinaria recoñecida ás persoas traballadoras referidas neste artigo determinarase aplicando, á base reguladora correspondente, a porcentaxe do 70 por cento ata o 28 de febreiro de 2022.

7. As medidas extraordinarias en materia de protección por desemprego reguladas no artigo 25.6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, resultarán aplicables ata o 28 de febreiro de 2022.

TÍTULO II

Medidas para a protección dos traballadores autónomos

Artigo 8. Exención na cotización a favor dos traballadores autónomos que percibisen algunha modalidade de prestación por cesamento de actividade ao abeiro do disposto no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos.

1. A partir do 1 de outubro de 2021, os traballadores autónomos incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos, ou no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, que estivesen de alta nestes réximes e estivesen percibindo en 30 de setembro algunha das prestacións por cesamento de actividade previstas nos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, terán dereito a unha exención das súas cotizacións á Seguridade Social e formación profesional coas seguintes contías:

- a) 90 por 100 das cotizacións correspondentes ao mes de outubro.
- b) 75 por 100 das cotizacións correspondentes ao mes de novembro.
- c) 50 por 100 das cotizacións correspondentes ao mes de decembro.
- d) 25 por 100 das cotizacións correspondentes ao mes de xaneiro de 2022.

Para que sexan aplicables estes beneficios na cotización, os traballadores autónomos deberán manter a alta no correspondente réxime especial da Seguridade Social ata o 31 de xaneiro de 2022.

2. A base de cotización, para os efectos da determinación da exención, será a base de cotización pola cal viña cotizando o traballador autónomo antes de acceder á prestación por cesamento de actividade.

3. A percepción da prestación por cesamento de actividade en calquera das súas modalidades será incompatible coa exención na cotización establecida neste precepto.

4. A obtención das exencións recollidas neste precepto que resulten indebidas como consecuencia da perda do dereito ás prestacións de cesamento de actividade recollida nos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, dará lugar á revisión de oficio por parte da entidade ou organismo competente.

5. O disposto neste precepto será de aplicación aos traballadores autónomos que esgoten as prestacións a que se refire o artigo 9 deste real decreto lei, a partir da finalización das exencións a que se refire o número 4 do devandito artigo e ata o 31 de xaneiro de 2022.

6. As exencións nas cotizacións establecidas neste artigo serán asumidas polas mutuas colaboradoras e, de ser o caso, polo Instituto Social da Mariña, como entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubriron as correspondentes prestacións dos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, que orixinan o dereito a estas exencións. Así mesmo, actuarase cando ás exencións a que se refire este artigo se acceda como consecuencia do establecido no número anterior.

Artigo 9. Prestación extraordinaria por cesamento de actividade para os traballadores autónomos afectados por unha suspensión temporal de toda a actividade como consecuencia de resolución da autoridade competente como medida de contención da propagación do virus COVID-19.

1. A partir do 1 de outubro de 2021, os traballadores autónomos que se vexan obrigados a suspender todas as súas actividades como consecuencia dunha resolución adoptada pola autoridade competente como medida de contención na propagación do virus COVID-19, ou manteñan polos mesmos motivos a suspensión da súa actividade iniciada con anterioridade á data indicada, terán dereito a unha prestación económica por cesamento de actividade de natureza extraordinaria, nos termos que se establecen neste precepto, sempre que se reúnan os seguintes requisitos:

a) Estaren afiliados e en alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, polo menos trinta días naturais antes da data da resolución que acorde a suspensión da actividade e, en todo caso, antes da data de inicio desta cando esta se decretase con anterioridade ao 1 de outubro de 2021.

b) Estaren ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se na data da suspensión da actividade non se cumpre este requisito, o órgano xestor instará o traballador autónomo ao pagamento para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

2. A contía da prestación será do 70 por 100 da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Non obstante, cando convivan nun mesmo domicilio persoas unidas por vínculo familiar ou unidade análoga de convivencia ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, e dous ou máis membros teñan dereito a esta prestación extraordinaria por cesamento de actividade, a contía de cada unha das prestacións será do 40 por 100.

3. O dereito á prestación nacerá desde o día seguinte ao da adopción da medida de peche de actividade adoptada pola autoridade competente, ou desde o 1 de outubro

de 2021 cando se manteña a suspensión de actividade iniciada con anterioridade a esta data.

4. Durante o tempo que permaneza a actividade suspendida manterase a alta no réxime especial correspondente e o traballador autónomo quedará exonerado da obriga de cotizar. A exoneración do ingreso das cotas estenderase desde o primeiro día do mes en que se adopte a medida de peche da actividade, ou desde o 1 de outubro de 2021 cando se manteña a suspensión da actividade iniciada con anterioridade a esta data, ata o último día do mes seguinte a aquel en que se levante a dita medida, ou ata o 28 de febreiro de 2022 se esta última data é anterior.

O período durante o cal o traballador autónomo estea exento da obriga de cotizar entenderase como cotizado e as cotizacións que correspondan a el serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

A base de cotización aplicable durante todo o período de percepción desta prestación extraordinaria será, en todo caso, a establecida no momento de inicio da dita prestación.

A duración máxima e o resto de condicións de aplicación das deducións na cotización a que poida ter dereito o traballador beneficiario desta prestación extraordinaria por cesamento na actividade non se modificarán pola percepción desta última.

As mutuas colaboradoras e o Instituto Social da Mariña proporcionaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información necesaria, a través dos procedementos que estableza esta última, para a aplicación do establecido neste número, tanto no momento do recoñecemento provisional da prestación como na revisión posterior, conforme o establecido no número 9.

5. A percepción da prestación será incompatible coa percepción dunha retribución polo desenvolvemento dun traballo por conta allea, salvo que os ingresos do traballo por conta allea sexan inferiores á 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional, co desempeño doutra actividade por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se vise afectada polo peche, así como coa percepción dunha prestación da Seguridade Social, salvo aquela que o beneficiario estivese percibindo por ser compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será, ademais, incompatible coas axudas por paralización da frota.

6. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

7. A xestión desta prestación corresponderalles ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

8. A percepción desta nova prestación terá unha duración máxima de cinco meses, e o dereito a ela finalizará o último día do mes en que se acorde o levantamento das medidas ou o 28 de febreiro de 2022, se esta última data é anterior.

O tempo de percepción da prestación non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade a que o beneficiario poida ter dereito no futuro.

9. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo deberá solicitarse dentro dos primeiros vinte e un días naturais seguintes ao da entrada en vigor do acordo ou resolución de peche de actividade, ou antes do 21 de outubro cando a suspensión da actividade se acordase con anterioridade ao 1 de outubro de 2021 e non se estivese percibindo a prestación extraordinaria recollida no artigo 6 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio.

No caso de que a solicitude se presente fóra do prazo establecido, o dereito á prestación iniciarase o primeiro día do mes seguinte ao da solicitude. Nestes casos, o traballador autónomo quedará exento da obriga de cotizar desde o día en que teña dereito a percibir a prestación.

As entidades encargadas da xestión desta prestación, de acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente, estimando ou desestimando o dereito. Finalizada a medida de peche de actividade, revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas. No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas. Nestes casos deberanse ingresar, ademais, as cotizacións correspondentes a todo o período de percepción indebida da prestación, aplicándose o procedemento de xestión recadatoria do sistema da Seguridade Social en todos os seus termos.

10. Na solicitude da prestación o interesado deberá comunicarlle á mutua ou á entidade xestora da prestación os membros que integran a unidade familiar e se algún deles é ou pode ser perceptor da prestación de cesamento de actividade, ou se contan con algún outro tipo de ingresos. Así mesmo, deberá constar o consentimento de todos os membros da unidade familiar para o acceso á información tributaria.

Para poder admitir a trámite a solicitude, o interesado deberá achegar unha declaración xurada dos ingresos que se perciben, de ser o caso, como consecuencia do traballo por conta allea, así como unha autorización á Administración da Seguridade Social e ás mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación para obter da Administración tributaria correspondente os datos tributarios necesarios para a revisión dos requisitos de acceso á prestación. Todo iso sen prexuízo da obriga que asiste o perceptor da prestación de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

Artigo 10. Prestación por cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia.

1. A partir do 1 de outubro de 2021, os traballadores autónomos que en 30 de setembro de 2021 estivesen percibindo a prestación por cesamento de actividade compatible co traballo por conta propia, regulada no artigo 7 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, e non esgotasen os períodos de prestación previstos no artigo 338.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, poderán continuar percibíndoa ata o 28 de febreiro de 2022, sempre que durante o terceiro e cuarto trimestres de 2021 cumpran os requisitos que se indican neste precepto.

Así mesmo, poderán solicitar a prestación por cesamento de actividade prevista no artigo 327 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social os traballadores autónomos nos cales concorran as condicións establecidas nas letras a), b), d) e e) do artigo 330.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, e que e cumpran os requisitos que se recollen neste artigo. O dereito á percepción desta prestación finalizará o 28 de febreiro de 2022.

2. O acceso á prestación exixirá acreditar no terceiro e cuarto trimestres de 2021 unha redución dos ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia de máis do 50 por 100 dos obtidos no terceiro e cuarto trimestres de 2019, así como non obter durante o terceiro e cuarto trimestres de 2021 uns rendementos netos computables fiscalmente superiores a 8.070 euros.

Para o cálculo da redución de ingresos terase en conta o período en alta no terceiro e cuarto trimestres de 2019 e comparárase co terceiro e cuarto trimestres de 2021.

No caso dos traballadores autónomos que teñan un ou máis traballadores ao seu cargo, deberá acreditarse, ao tempo de solicitar a prestación, o cumprimento de todas as obrigas laborais e da Seguridade Social que teñan asumidas. Para tal obxecto, os traballadores autónomos emitirán unha declaración responsable e poderán ser requiridos polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou pola entidade xestora para que acheguen os documentos precisos que acrediten este aspecto.

3. Quen en 30 de setembro de 2021 estivese percibindo a prestación recollida no artigo 7 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, só poderá causar dereito a esta

prestación se non consumise naquela data a totalidade do período previsto no artigo 338.1 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

4. O recoñecemento á prestación será levado a cabo polas mutuas colaboradoras ou polo Instituto Social da Mariña con carácter provisional, con efectos do 1 de outubro de 2021, se se solicita dentro dos primeiros vinte e un días naturais de xuño, ou con efecto desde o día primeiro do mes seguinte á solicitude noutro caso, e deberá ser regularizada a partir do 1 de maio de 2022.

Para poder admitir a trámite a solicitude, serán autorizadas a Administración da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación para obter da Administración tributaria correspondente os datos tributarios necesarios para revisar os requisitos de acceso á prestación.

5. As mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña obterán da Administración tributaria correspondente os datos tributarios do exercicio 2021, a partir do 1 de maio de 2022.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puidesen ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberanlle achegar á mutua colaboradora ou ao Instituto Social da Mariña nos dez días seguintes ao seu requirimento:

1.º Copia do modelo 303 de autoliquidación do imposto sobre o valor engadido (IVE), correspondente ás declaracións do terceiro e cuarto trimestres de 2019 e 2021.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do segundo e cuarto trimestres de 2019 e 2021.

2.º Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria ou calquera outro medio de proba que sirva para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

Non obstante, e para os efectos de acreditación da redución dos ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia de máis do 50 por 100 dos obtidos no terceiro e cuarto trimestres de 2019, entenderase que os traballadores autónomos que tributen por estimación obxectiva experimentaron esa redución sempre que o número medio diario das persoas traballadoras afiliadas e en alta no sistema da Seguridade Social na actividade económica correspondente, expresada en 4 díxitos (CNAE), durante o período a que corresponda a prestación, sexa inferior en máis dun 7,5 por 100 ao número medio diario correspondente ao terceiro e cuarto trimestres de 2019.

6. Tras comprobar os datos a entidade colaboradora ou xestora competente para o recoñecemento da prestación, reclamaranse as prestacións percibidas por aqueles traballadores autónomos que non cumpran os requisitos establecidos neste precepto.

A entidade competente para a reclamación fixará a data de ingreso das cantidades reclamadas, que deberán facerse sen xuros ou recarga.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan, conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 1415/2004, do 11 de xuño.

7. O traballador autónomo, durante o tempo que estea a percibir a prestación, deberá ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social a totalidade das cotizacións aplicando os tipos vixentes á base de cotización correspondente.

A mutua colaboradora ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña aboalle ao traballador, xunto coa prestación por cesamento na actividade, o importe das cotizacións por contingencias comúns que lle tería correspondido ingresar de encontrarse o traballador autónomo sen desenvolver ningunha actividade, en aplicación do disposto no artigo 329 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

8. Nos supostos de cesamento definitivo na actividade con anterioridade ao 28 de febreiro de 2022, os límites dos requisitos fixados neste artigo tomaranse de maneira proporcional ao tempo da duración da actividade. Para estes efectos, o cálculo farase computando na súa integridade o mes en que se produza a baixa no réxime da Seguridade Social en que estivese encadrado.

9. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

a) Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de xaneiro de 2022. A renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

b) Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os rendementos netos computables fiscalmente durante o terceiro e cuarto trimestres do ano 2021 superarán os límites establecidos no número 2, coa correspondente perda do dereito á prestación.

10. Non obstante o establecido nos puntos anteriores, a prestación de cesamento de actividade poderá ser compatible co traballo por conta allea; neste suposto as condicións aplicables serán as seguintes:

a) Os ingresos netos computables fiscalmente procedentes do traballo por conta propia e os ingresos procedentes do traballo por conta allea non poderán superar 2,2 veces o salario mínimo interprofesional. Na determinación deste cómputo, os ingresos procedentes do traballo por conta allea non superarán 1,25 veces o importe do salario mínimo interprofesional.

b) A contía da prestación será o 50 % da base de cotización mínima que lle corresponda en función da actividade.

c) Xunto coa solicitude achegarase unha declaración xurada dos ingresos que se perciben como consecuencia do traballo por conta allea, sen prexuízo da obriga que asiste de presentar un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

d) Será de aplicación o disposto nos puntos anteriores sempre que non contradigan o disposto neste número.

Artigo 11. Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para aqueles traballadores autónomos que exercen actividade e en 30 de setembro de 2021 estivesen percibindo algunha das prestacións de cesamento de actividade previstas nos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, e non poidan causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade prevista no artigo 10 deste real decreto lei.

1. Os traballadores autónomos que exercen actividade e en 30 de setembro de 2021 estivesen percibindo algunha das prestacións de cesamento de actividade previstas nos artigos 7 e 8 do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, e non poidan causar dereito á prestación ordinaria de cesamento de actividade prevista no artigo anterior poderán acceder, a partir do 1 de outubro de 2021, á prestación económica de cesamento de actividade de natureza extraordinaria prevista neste artigo, sempre que reúnan os seguintes requisitos:

a) Estaren dados de alta e ao día no pagamento das cotizacións no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia desde antes do 1 de abril de 2020.

Non obstante, se na data da presentación da solicitude non se cumpre o requisito de estar ao día no pagamento das cotizacións, o órgano xestor instará o traballador autónomo ao pagamento para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese

as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

b) Non teren rendementos netos computables fiscalmente procedentes da actividade por conta propia no terceiro e cuarto trimestres de 2021 superiores ao 75 por 100 do salario mínimo interprofesional no devandito período.

c) Acreditaren no cuarto trimestre de 2021 un total de ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia inferior nun 75 por 100 aos obtidos no cuarto trimestre de 2019.

Para o cálculo da redución de ingresos, terase en conta o período en alta no cuarto trimestre de 2019 e comparárase coa parte proporcional dos ingresos obtidos no cuarto trimestre de 2021 na mesma proporción.

2. A contía da prestación será do 50 por 100 da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desenvolvida.

Non obstante, cando convivan nun mesmo domicilio persoas unidas por vínculo familiar ou unidade análoga de convivencia ata o primeiro grao de parentesco por consanguinidade ou afinidade, e dous ou máis membros teñan dereito a esta ou outra prestación de cesamento de actividade, a contía desta prestación será do 40 por 100.

3. No caso dos traballadores autónomos que teñan un ou máis traballadores ao seu cargo, deberá acreditarse, ao tempo de solicitar a prestación, o cumprimento de todas as obrigas laborais e de Seguridade Social que teñan asumidas. Para tal obxecto, emitirán unha declaración responsable e poderán ser requiridos polas mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou pola entidade xestora para que acheguen os documentos precisos que acrediten esta cuestión.

4. Esta prestación extraordinaria por cesamento de actividade poderá comezar a devindicarse con efectos do 1 de outubro de 2021 e terá unha duración máxima de cinco meses, sempre que a solicitude se presente dentro dos primeiros vinte e un días naturais de outubro. No caso contrario, os efectos quedan fixados no primeiro día do mes seguinte ao da presentación da solicitude. A duración desta prestación non poderá exceder o 28 de febreiro de 2022.

5. A percepción da prestación será incompatible coa percepción dunha retribución polo desenvolvemento dun traballo por conta allea, co desempeño doutra actividade por conta propia, coa percepción de rendementos procedentes dunha sociedade e coa percepción dunha prestación da Seguridade Social, salvo aquela que o beneficiario estivese percibindo por ser compatible co desempeño da actividade que desenvolvía.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será, ademais, incompatible coas axudas por paralización da frota.

6. O traballador autónomo, durante o tempo que estea a percibir a prestación, deberá permanecer en alta no réxime da Seguridade Social correspondente e ingresar na Tesouraría Xeral da Seguridade Social a totalidade das cotizacións aplicando os tipos vixentes á base de cotización correspondente.

A mutua colaboradora ou, de ser o caso, o Instituto Social da Mariña aboaralle ao traballador autónomo, xunto coa prestación por cesamento na actividade, o importe das cotizacións por contingencias comúns que lle tería correspondido ingresar de atoparse o traballador autónomo sen desenvolver ningunha actividade, en aplicación do disposto no artigo 329 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

A base de cotización aplicable durante todo o período de percepción desta prestación extraordinaria será, en todo caso, a establecida no momento de inicio da dita prestación.

As mutuas colaboradoras e o Instituto Social da Mariña proporcionaranlle á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a información necesaria, a través dos procedementos que establece esta última, para a aplicación do establecido neste número, tanto no momento do recoñecemento provisional da prestación como na revisión posterior, conforme o establecido nos números 8 e 9 deste artigo.

7. Extinguirase o dereito á prestación se durante a súa percepción concorren os requisitos para causar dereito á prestación de cesamento de actividade recollida no artigo 10 desta norma ou á prestación de cesamento de actividade regulada nos artigos 327 e seguintes do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, sen prexuízo do dereito que asiste o interesado a solicitar a prestación correspondente.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria nos termos establecidos, sempre que reúnan os requisitos para iso.

9. A xestión desta prestación corresponderalles ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

As entidades encargadas da xestión desta prestación, de acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente, estimando ou desestimando o dereito.

Para poder admitir a trámite a solicitude deberase achegar unha declaración xurada dos ingresos que se perciben, de ser o caso, como consecuencia do traballo por conta allea, e autorización á Administración da Seguridade Social e ás mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación para solicitar da Administración tributaria correspondente os datos tributarios necesarios para a revisión dos requisitos de acceso á prestación. Todo iso sen prexuízo da obriga que asiste o perceptor da prestación de presentarlle un certificado de empresa e a declaración da renda á entidade xestora da prestación.

10. A partir do 1 de maio de 2022 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

a) Para tal obxecto, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social recadarán da Administración tributaria correspondente os datos tributarios relativos aos tres últimos trimestres de 2019 e 2021.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou co Instituto Social da Mariña non puideren ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberanlle achegar á mutua colaboradora nos dez días seguintes ao do seu requirimento:

1.º Copia do modelo 390 de declaración resumo anual do IVE do ano 2019 e as súas liquidacións trimestrais (modelo 303), así como as liquidacións do segundo, terceiro e cuarto trimestres do ano 2021 (modelo 303).

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación de cada trimestre á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) dos anos 2019, 2020 e 2021. Declaración da renda das persoas físicas ou certificado de empresas onde consten as retribucións percibidas por conta allea.

2.º Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

Non obstante, e para os efectos de acreditación da redución dos ingresos computables fiscalmente da actividade por conta propia, así como do límite de rendementos netos, entenderase que os traballadores autónomos que tributen por estimación obxectiva experimentaron estas circunstancias sempre que o número medio diario das persoas traballadoras afiliadas e en alta no sistema da Seguridade Social na actividade económica correspondente, expresada en catro díxitos (CNAE), durante o período a que corresponda a prestación, sexa inferior en máis dun 7,5 % ao número medio diario correspondente ao cuarto trimestre de 2019.

b) No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para tal obxecto, a entidade competente para o recoñecemento da prestación ditará resolución en que fixe o importe da cantidade que se deberá reintegrar, que deberá facerse sen xuros ou recarga no prazo que se determine na resolución.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan, conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

11. Ao tempo de solicitar a prestación, o interesado deberalle comunicar á mutua ou á entidade xestora da prestación os membros que integran a unidade familiar e se algún deles é ou pode ser perceptor da prestación de cesamento de actividade ou se contan con algún outro tipo de ingresos.

12. O traballador autónomo que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

a) Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de xaneiro de 2022; a renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

b) Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos percibidos durante o cuarto trimestre de 2021 ou a caída da facturación nese mesmo período superarán os limiares establecidos no número 1, coa correspondente perda do dereito á prestación.

Artigo 12. Prestación extraordinaria de cesamento de actividade para os traballadores autónomos de tempada.

1. Para os efectos deste precepto, considéranse traballadores de tempada aqueles traballadores autónomos cuxo único traballo ao longo dos anos 2018 e 2019 se desenvolveu no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar durante un mínimo de catro meses e un máximo de sete meses en cada un dos anos referidos.

Considerarase que o traballador autónomo desenvolveu un único traballo en 2018 e 2019 sempre que, de estar de alta nun réxime da Seguridade Social como traballador por conta allea, a dita alta non supere os cento vinte días ao longo deses anos.

2. Serán requisitos para causar dereito á prestación:

a) Ter estado de alta e cotizado no réxime especial de traballadores autónomos ou no réxime especial de traballadores do mar como traballador por conta propia durante un mínimo de catro meses e un máximo de sete meses de cada un dos anos 2018 e 2019, sempre que ese marco temporal abranza un mínimo de dous meses entre os meses de outubro a decembro deses anos.

b) Non estar de alta ou asimilado á alta como traballador por conta allea no réxime da Seguridade Social correspondente máis de sesenta días durante o terceiro e cuarto trimestres do ano 2021.

c) Non obter durante o terceiro e cuarto trimestres do ano 2021 uns ingresos netos computables fiscalmente que superen os 6.725 euros.

d) Acharse ao día no pagamento das cotas á Seguridade Social. Non obstante, se non se cumpre este requisito, o órgano xestor instará o traballador autónomo ao pagamento para que no prazo improrrogable de trinta días naturais ingrese as cotas debidas. A regularización do descuberto producirá plenos efectos para a adquisición do dereito á protección.

3. A contía da prestación regulada neste artigo será o equivalente ao 70 por 100 da base mínima de cotización que corresponda pola actividade desempeñada no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos ou, de ser o caso, no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar.

4. A prestación extraordinaria por cesamento de actividade regulada neste artigo poderá comezar a devindicarse con efectos do 1 de outubro de 2021 e terá unha duración máxima de cinco meses, sempre que a solicitude se presente dentro dos primeiros vinte e un días naturais de outubro. En caso contrario, os efectos quedarán fixados no día primeiro do mes seguinte ao da presentación da solicitude e a súa duración non poderá exceder o 28 de febreiro de 2022.

5. Durante a percepción da prestación non existirá obriga de cotizar e o traballador permanecerá en situación de alta ou asimilada á alta no réxime da Seguridade Social correspondente.

6. As cotizacións polas cales non exista obriga de cotizar serán asumidas polas entidades con cargo a cuxos orzamentos se cubra a correspondente prestación.

7. Esta prestación será incompatible co traballo por conta allea e con calquera prestación da Seguridade Social que o beneficiario estivese percibindo, salvo que fose compatible co desempeño da actividade como traballador por conta propia. Así mesmo, será incompatible co traballo por conta propia e coa percepción de rendementos procedentes da sociedade cuxa actividade se vise afectada polo peche, cando os ingresos que se perciban no terceiro e cuarto trimestres do ano 2021 superen os 6.725 euros.

Polo que se refire aos traballadores por conta propia incluídos no réxime especial dos traballadores do mar, a prestación por cesamento de actividade será, así mesmo, incompatible coa percepción das axudas por paralización da frota.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito, nas mesmas condicións, a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

9. A xestión desta prestación corresponderalles ás mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou ao Instituto Social da Mariña.

Para poder admitir a trámite a solicitude, a Administración da Seguridade Social e as mutuas colaboradoras encargadas da xestión da prestación serán autorizadas a obter da Administración tributaria correspondente os datos tributarios necesarios para revisar os requisitos de acceso á prestación.

10. O recoñecemento da prestación regulada neste artigo poderá solicitarse en calquera momento durante o período comprendido entre a entrada en vigor da norma e o mes de xaneiro de 2022.

Os efectos da solicitude son os determinados no número 4.

As entidades xestoras, de acordo coa solicitude presentada e cos documentos, de ser o caso, achegados, ditarán a resolución provisional que sexa procedente, estimando ou desestimando o dereito.

11. A partir do 1 de maio de 2022 revisaranse todas as resolucións provisionais adoptadas.

a) Para tal obxecto, as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña recadarán da Administración tributaria correspondente os datos tributarios correspondentes ao terceiro e cuarto trimestres do ano 2021.

Se as mutuas colaboradoras coa Seguridade Social ou o Instituto Social da Mariña non puidesen ter acceso aos datos que constan nas administracións tributarias, os traballadores autónomos deberán achegar á mutua colaboradora, nos dez días seguintes ao seu requirimento:

1.º Copia do modelo 303 de declaración do terceiro e cuarto trimestres do ano 2021.

Copia do modelo 130 correspondente á autoliquidación en pagamento fraccionado do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do terceiro e cuarto trimestres do ano 2021.

2.º Os traballadores autónomos que tributen no imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) por estimación obxectiva (modelo 131) deberán achegar a documentación necesaria para acreditar os ingresos exixidos neste precepto.

b) No suposto de que se desprenda que o interesado non ten dereito á prestación, iniciaranse os trámites de reclamación das cantidades indebidamente percibidas.

Para tal obxecto, a entidade competente para o recoñecemento da prestación ditará resolución en que se fixe o importe da cantidade que se deberá reintegrar, que deberá facerse sen xuros ou recarga no prazo que se determine na resolución.

Transcorrido o prazo fixado na resolución que para o efecto se dite, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reclamará a débeda pendente, coas recargas e xuros que procedan, conforme o procedemento administrativo de recadación establecido no Regulamento xeral de recadación da Seguridade Social.

12. O traballador autónomo de tempada que solicitase o pagamento da prestación regulada neste artigo poderá:

a) Renunciar a ela en calquera momento antes do 31 de xaneiro de 2022, e a renuncia producirá efectos o mes seguinte á súa comunicación.

b) Devolver por iniciativa propia a prestación por cesamento de actividade, sen necesidade de esperar á reclamación da mutua colaboradora coa Seguridade Social ou da entidade xestora, cando considere que os ingresos que pode percibir polo exercicio da actividade durante o tempo que pode causar dereito a ela superarán os limiares establecidos no punto 2.c), coa correspondente perda do dereito á prestación.

Disposición adicional primeira. *Comisión de Seguimento Tripartita Laboral.*

1. A Comisión de Seguimento Tripartita Laboral estará integrada polo Ministerio de Traballo e Economía Social, o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións e pola Confederación Española de Organizaciones Empresariales (CEOE), a Confederación Española de la Pequeña y Mediana Empresa (CEPYME), Comisións Obreiras (CC.OO.) e a Unión Xeral de Traballadores (UGT), e terá como funcións, desde a entrada en vigor deste real decreto lei, a valoración das medidas recollidas nel e da evolución da actividade económica e o emprego.

2. Para o desenvolvemento das ditas funcións, o Ministerio de Traballo e Economía Social e o Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións remitirán ás organizacións integrantes desta comisión, con carácter mensual, os datos necesarios sobre a evolución das medidas recollidas nesta norma.

Así mesmo, a Comisión reunirse, logo de convocatoria remitida para o efecto polo Ministerio de Traballo e Economía Social, cando se entenda necesario ou cando o solicite formalmente algunha das organizacións que a integran.

Disposición adicional segunda. *Actuación da Inspección de Traballo e Seguridade Social.*

Corresponderalle á Inspección de Traballo e Seguridade Social, no exercicio das súas competencias, o control do cumprimento dos requisitos e das obrigas establecidos en relación coas exencións nas cotizacións da Seguridade Social previstas no Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo; no Real decreto lei 18/2020, do 12 de maio; no Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño; no Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro; no Real decreto lei 35/2020, do 22 de decembro; no Real decreto lei 2/2021, do 26 de xaneiro; no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, e no artigo 4 e na disposición transitoria única deste real decreto lei.

Para tales efectos, desenvolveranse aquelas accións de control que se determinen sobre a correcta aplicación das exencións no pagamento das cotas da Seguridade Social e, no caso de incumprimento da normativa, poderanse iniciar os correspondentes expedientes sancionadores e liquidatorios de cotas.

En particular, corresponderalle á Inspección de Traballo e Seguridade Social o control sobre a veracidade, inexactitude ou omisión de datos ou declaracións responsables proporcionadas polas empresas ou por calquera outra información que fose utilizada para o cálculo das correspondentes liquidacións de cotas, e sobre a indebida existencia de actividade laboral durante os períodos comunicados pola empresa de suspensión da relación laboral ou redución da xornada de traballo, nos cales se aplicasen exencións na cotización.

Disposición adicional terceira. *Vinculación dos beneficios en materia de cotización ao desenvolvemento de accións formativas no ámbito do Mecanismo de sustentabilidade no emprego.*

1. No ámbito do futuro Mecanismo de sustentabilidade no emprego preverase unha vinculación directa dos beneficios en materia de cotización ao desenvolvemento efectivo, por parte das empresas, de accións formativas a favor das persoas traballadoras afectadas pola redución de xornada derivada da súa aplicación, nos termos que determinen as súas normas reguladoras, e poderase valorar o conxunto da oferta formativa.

2. Os expedientes de regulación temporal de emprego a que se refiren os artigos 1 e 2 que, conforme a futura previsión legal, transiten ao Mecanismo de sustentabilidade do emprego deberán dirixir as accións formativas a que fai referencia o número anterior a fomentar a transición profesional necesaria para afrontar os cambios económicos ou tecnolóxicos (ecolóxicos, enerxéticos, de transición dixital) que requiran unha revisión da súa organización.

Disposición adicional cuarta. *Acceso ás medidas extraordinarias en materia de cotización e protección por desemprego.*

1. Sen prexuízo do previsto nos artigos 1 e 2, será requisito indispensable para a aplicación das medidas extraordinarias en materia de cotización previstas no artigo 4, e para o recoñecemento das prestacións por desemprego, a presentación, por parte das empresas, dunha relación das seguintes persoas traballadoras, segundo proceda:

a) No caso de expedientes de regulación temporal de emprego prorrogados conforme o artigo 1, as persoas traballadoras que estivesen incluídas con data do 30 setembro de 2021 no ámbito de aplicación do expediente de regulación temporal de emprego, e as que vaian permanecer no devandito expediente durante a prórroga.

b) No caso de expedientes autorizados ou comunicados conforme o artigo 2, as persoas traballadoras incluídas no expediente de regulación temporal de emprego no momento do comezo da súa aplicación.

2. Esta listaxe deberá ser presentada no prazo de cinco días hábiles desde o día en que produza efectos a resolución expresa ou por silencio administrativo que estime a solicitude de prórroga ou de autorización, ou desde a data en que se produza a comunicación, segundo proceda en cada caso.

Deberá presentarse na sede electrónica do Ministerio de Traballo e Economía Social, no modelo recollido no anexo, que será publicado na páxina web deste ministerio e que, unha vez formalizado, se porá á disposición da autoridade laboral competente, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social, o Servizo Público de Emprego Estatal e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, para os efectos que procedan de acordo coas súas respectivas competencias.

3. No suposto de que se produzan alteracións no número de persoas traballadoras afectadas ou na identidade destas, por calquera causa e de acordo cos requisitos establecidos para iso, a empresa deberá presentar unha nova listaxe coa relación das novas persoas traballadoras que pasen a estar incluídas no expediente de regulación temporal de emprego, nos termos previstos neste punto.

Disposición adicional quinta. *Medidas extraordinarias para as empresas e persoas traballadoras das illas Canarias afectadas pola erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja.*

1. As empresas afectadas pola erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja, que teñan códigos de conta de cotización correspondentes ás provincias da Comunidade Autónoma de Canarias, que visen ou vexan impedido ou limitado o desenvolvemento da súa actividade normalizada e se lles autorice un expediente de regulación temporal de emprego con base no previsto no artigo 47.3 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, como consecuencia do dito motivo, terán dereito aos beneficios extraordinarios previstos nesta disposición adicional, nos termos regulados nos números seguintes.

En relación con estes expedientes, a autoridade laboral deberá ditar resolución no prazo de cinco días, e resultará facultativa a solicitude do informe a que fai referencia o artigo 33.1 do Regulamento dos procedementos de despedimento colectivo e de suspensión de contratos e redución de xornada, aprobado polo Real decreto 1483/2012, do 29 de outubro.

Na falta de resolución expresa, entenderase estimada a solicitude.

2. Estes expedientes producirán efectos desde a data do feito causante da forza maior e manteranse vixentes ata o 28 de febreiro de 2022; de ser o caso, resultarlles igualmente de aplicación o mecanismo de transición regulado no artigo 2, números 2 e 3.

3. As empresas a que se refire o número 1 poderanse beneficiar, respecto das persoas traballadoras que teñan as súas actividades suspendidas ou reducidas polos períodos e porcentaxes de xornada afectados pola suspensión, das porcentaxes de exoneración, para os meses de setembro de 2021 a febreiro de 2022, que se indican a continuación:

a) Os expedientes de regulación temporal de emprego por impedimentos na actividade poderanse beneficiar dunha exoneración do 100 por cento da achega empresarial devindicada durante o período de peche, e ata o 28 de febreiro de 2022.

b) Os expedientes de regulación temporal de emprego por limitacións na actividade poderanse beneficiar dunha exoneración do 90 por cento da achega empresarial devindicada durante o período afectado, e ata o 28 de febreiro de 2022.

4. As exencións a que se refire esta disposición aplicaranse ao aboamento da achega empresarial prevista no artigo 273.2 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, así como do relativo ás cotas por conceptos de recadación conxunta.

O procedemento e os requisitos para a aplicación das exoneracións de cotas a que se refire esta disposición adicional serán os establecidos no artigo 2 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro.

5. As persoas traballadoras afectadas polos expedientes de regulación temporal de emprego previstos nesta disposición beneficiaranse, así mesmo, das medidas extraordinarias previstas no artigo 6.

Así mesmo, o tempo en que se perciba a prestación por desemprego de nivel contributivo cuxa causa inmediata derive das citadas circunstancias extraordinarias non computará para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos.

6. As exencións na cotización reguladas nesta disposición adicional son incompatibles coas establecidas no artigo 4.

7. No caso de que a situación excepcional descrita no número 1 se prolongue máis alá do 28 de febreiro de 2022, o Goberno levará a cabo as actuacións oportunas para que a vixencia das medidas contidas nesta disposición adicional se prolongue mentres se manteña a dita situación.

Disposición adicional sexta. *Medidas extraordinarias da Seguridade Social para os traballadores autónomos afectados pola erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja, en La Palma.*

1. Os traballadores autónomos que se vexan obrigados a suspender ou cesar na actividade como consecuencia directa da erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja, en La Palma, poderán causar dereito a percibir a prestación por cesamento de actividade, regulada no título V do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, sen que se computen, para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos, os cinco primeiros meses de percepción da prestación.

Considerarase como cumprido, para os efectos de poder acceder á prestación por cesamento de actividade, o requisito de cotización, previsto no artigo 338 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

2. Os traballadores autónomos que en 30 de setembro percibisen algunhas das prestacións recollidas nos artigos 6, 7 e 8 ou na disposición transitoria segunda do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos, e se vexan obrigados a suspender ou cesar na súa actividade como consecuencia da erupción volcánica rexistrada na zona de Cumbre Vieja, en La Palma, terán dereito a percibir cinco meses de prestación de cesamento de actividade, que non se lles computará para os efectos de consumir os períodos máximos de percepción establecidos.

Disposición adicional sétima. *Comisión mixta para a reconstrución, recuperación e apoio á illa de La Palma.*

1. Créase unha comisión mixta integrada por representantes da Administración xeral do Estado, da Comunidade Autónoma de Canarias e das entidades locais afectadas, coa finalidade de planificar, impulsar e coordinar as actuacións e medidas que impulsen as administracións públicas para paliar os prexuízos que deriven dos movementos sísmicos e das erupcións volcánicas iniciadas na illa de La Palma a partir do mes de setembro.

2. A Comisión mixta será copresidida pola persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática, e polo presidente da Comunidade Autónoma de Canarias; así mesmo, formarán parte dela:

a) Tres representantes da Administración xeral do Estado designados pola persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática. O delegado do Goberno na Comunidade Autónoma de Canarias substituirá, de ser o caso, a persoa titular do Ministerio da Presidencia, Relacións coas Cortes e Memoria Democrática.

b) Tres representantes designados pola Comunidade Autónoma de Canarias.

c) Catro representantes das entidades locais afectadas, que serán o presidente do Cabido Insular de La Palma e as persoas titulares das alcaldías dos municipios de El Paso, Los Llanos de Aridane e Tazacorte.

A Presidencia da Comisión poderá convocar ás súas reunións, en función dos asuntos que se vaian tratar, representantes doutras entidades locais, expertos ou calquera outra persoa cuxas achegas poidan resultar de utilidade para os fins da Comisión.

3. A Comisión mixta terá as seguintes funcións:

a) Asegurar a actuación coordinada das diferentes administracións para unha adecuada avaliación dos danos ocasionados polas erupcións volcánicas e os movementos sísmicos, e unha correcta valoración das necesidades inmediatas da poboación afectada que permita canalizar axudas aos damnificados con carácter urxente.

b) Planificar e coordinar as actividades de reconstrución e recuperación das zonas afectadas polos danos, e a prestación dos servizos necesarios para atender a poboación afectada pola emerxencia.

c) Asegurar o correcto funcionamento dos mecanismos de coordinación da xestión e tramitación das axudas concedidas polas distintas administracións públicas aos damnificados, e propor a adopción de medidas de impulso e axilización das axudas ou prestacións que se poidan outorgar ás persoas afectadas.

d) Realizar labores de seguimento das medidas adoptadas polas administracións afectadas.

e) Elaborar informes de avaliación de carácter periódico relativos á evolución xeral dos danos, ás actuacións de reconstrución e reparación, e ás medidas de apoio e axuda concedidas aos damnificados.

4. A Comisión mixta asumirá, ademais, as funcións da Comisión de Coordinación prevista no artigo 25.2 da Lei 17/2015, do 9 de xullo, de protección civil.

Disposición adicional oitava. *Achega de datos ás fundacións laborais de carácter paritario.*

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá facilitarlles ás fundacións laborais de carácter paritario, establecidas ao abeiro de convenios sectoriais de ámbito estatal, a información necesaria para que poidan levar a cabo as actuacións precisas, conforme o establecido no convenio colectivo, para a xestión das achegas destinadas ao seu funcionamento. Os tratamentos que se efectúen en relación con esta finalidade limitaranse aos datos estritamente imprescindibles. A cesión da información requirirá, en todo caso, a subscripción previa do oportuno convenio.

Disposición adicional novena. *Prórroga da vixencia do artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social da COVID-19.*

Prorrógase, ata o 28 de febreiro de 2022, o artigo 6 do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, polo que se regula o Plan Mecuida.

Disposición adicional décima. *Prórroga das prestacións e subsidios previstos nos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, polo que se aproban medidas sociais complementarias para a protección por desemprego e de apoio ao sector cultural.*

Prorrógase a duración das prestacións e subsidios previstos nos artigos 2, 3 e 4 do Real decreto lei 32/2020, do 3 de novembro, na súa redacción dada polo Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, ata o día 28 de febreiro de 2022.

Disposición adicional décimo primeira. *Efectos das exencións na cotización á Seguridade Social.*

As exencións na cotización á Seguridade Social establecidas nos artigos 4, 8 e na disposición transitoria única deste real decreto lei non terán efectos para as persoas traballadoras; manterase a consideración do período en que se apliquen como efectivamente cotizado para todos os efectos, sen que resulte de aplicación o establecido nos números 1 e 3 do artigo 20 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social.

Disposición adicional décimo segunda. *Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social.*

Encoméndaselle á Comisión de seguimento das medidas de apoio para a recuperación da actividade dos traballadores autónomos no ámbito da Seguridade Social, creada ao abeiro do establecido na disposición adicional sexta do Real decreto lei 24/2020, do 26 de xuño, o seguimento e a avaliación das medidas establecidas nos artigos 8, 9, 10, 11 e 12.

Disposición adicional décimo terceira. *Medidas para os traballadores autónomos no ámbito do Mecanismo de sustentabilidade do emprego.*

Como complemento do futuro Mecanismo de sustentabilidade do emprego para os traballadores autónomos, revisarase no marco do diálogo social a regulación da prestación por cesamento de actividade co fin de estender os supostos de acceso á dita prestación por cesamento temporal da actividade e incluír dentro da acción protectora outras situacións relacionadas con causas derivadas dun ciclo económico negativo ou outro tipo de cambios económicos de natureza estrutural.

Disposición transitoria única. *Prórroga das medidas recollidas no título I e na disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, sobre medidas urxentes para a defensa do emprego, a reactivación económica e a protección dos traballadores autónomos.*

As previsións recollidas no título I e na disposición adicional primeira do Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio, seguirán sendo de aplicación ata o 31 de outubro de 2021, respecto dos expedientes de regulación temporal de emprego vixentes en 30 de setembro de 2021, coas porcentaxes de exención que lles correspondesen durante o mes de setembro de 2021.

As previsións a que se refire o parágrafo anterior aplicaranse igualmente aos expedientes de regulación temporal de emprego que se aproben ou comuniquen entre o 1 e o 31 de outubro, nos mesmos supostos e coas mesmas condicións e exencións que lles correspondesen durante o mes de setembro de 2021, segundo proceda, respectivamente, para cada tipo de expediente e nos termos e condicións establecidos no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio.

A tramitación destes últimos levarase a cabo conforme o disposto no Real decreto lei 11/2021, do 27 de maio. Sen prexuízo do anterior, resultarlles de aplicación o establecido na disposición adicional quinta nos mesmos termos que aos expedientes que, a partir do 1 de novembro, sexan autorizados ou comunicados conforme o artigo 2 deste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego.*

Modifícase o número 7 do artigo 8 do Real decreto lei 30/2020, do 29 de setembro, de medidas sociais en defensa do emprego, que quedará redactado como segue:

«7. A medida prevista no artigo 25.1.b) do Real decreto lei 8/2020, do 17 de marzo, manterase vixente ata o 30 de setembro de 2020.

Sen prexuízo do previsto no parágrafo anterior, co obxectivo de protexer as persoas afectadas nos seus empregos pola crise, especialmente as máis vulnerables, non se computarán en ningún momento como consumidas as prestacións por desemprego gozadas, durante os expedientes referidos no número 1 deste artigo, por aquelas que accedan a un novo dereito, antes do 1 de xaneiro de 2023, como consecuencia da finalización dun contrato de duración determinada ou dun despedimento, individual ou colectivo, por causas

económicas, técnicas, organizativas ou de produción, ou dun despedimento por calquera causa declarado improcedente, ou por finalización ou interrupción da actividade das persoas traballadoras con contrato fixo discontinuo, incluídos aqueles con contrato a tempo parcial que realicen traballos fixos e periódicos que se repitan en datas certas.

A redución das prestacións consumidas a partir do 1 de outubro de 2020 nos expedientes de regulación temporal de emprego a que se refire o número 1 deste artigo, non obstante, non afectará as novas prestacións que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2027.

A aquelas persoas que accedan a unha prestación por desemprego por un cesamento producido a partir da entrada en vigor deste real decreto lei, ás cales haxa que consumir días de acordo co disposto nos parágrafos anteriores, unicamente se lles consumirán os períodos de prestación percibidos a partir do 1 de xaneiro de 2021.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital.*

Modifícase o Real decreto lei 20/2020, do 29 de maio, polo que se establece o ingreso mínimo vital, da seguinte forma:

Con efectos desde o 11 de xullo de 2021, modifícase o número 2 do artigo 7, que queda redactado da seguinte forma:

«2. As persoas beneficiarias a que se refire o artigo 4.1.b), que sexan menores de 30 anos na data da solicitude do ingreso mínimo vital, deberán acreditar que viviron de forma independente en España durante, polo menos, os tres anos inmediatamente anteriores á indicada data.

Para os efectos do parágrafo anterior, entenderase que unha persoa viviu de forma independente sempre que acredite que o seu domicilio foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolledores durante os tres anos inmediatamente anteriores á solicitude, e que no dito período permanecese durante, polo menos, doce meses, continuados ou non, en situación de alta en calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social, incluído o de clases pasivas do Estado, ou nunha mutualidade de previsión social alternativa ao réxime especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos.

As persoas beneficiarias a que se refire o artigo 4.1.b) que sexan maiores de 30 anos na data da solicitude deberán acreditar que, durante o ano inmediatamente anterior á dita data, o seu domicilio en España foi distinto ao dos seus proxenitores, titores ou acolledores.

Os requisitos previstos nos parágrafos anteriores non se lles exixirán ás persoas que, por seren vítimas de violencia de xénero, abandonasen o seu domicilio habitual, a aquelas que iniciasen os trámites de separación ou divorcio ou a aquelas que se encontren noutras circunstancias que se poidan determinar regulamentariamente.»

Disposición derradeira terceira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.7.^a e 17.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado as competencias exclusivas nas materias de lexislación laboral e de lexislación básica e réxime económico da Seguridade Social.

Disposición derradeira cuarta. *Habilitación normativa.*

Habíltese o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución deste real decreto lei.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de setembro de 2021.

FELIPE R.

O presidente do Goberno,
PEDRO SÁNCHEZ PÉREZ-CASTEJÓN

ANEXO

Listaxe de traballadores previa á solicitude de medidas extraordinarias en materia de cotización e prestacións por desemprego

Datos do traballador:

Código conta cotización.
Número de Seguridade Social do traballador.
Autoridade laboral competente.
Número de expediente.
Tipo de ERTE.
Data desde.
Nome e apelidos do traballador.
DNI do traballador.
Data de alta na empresa.
Porcentaxe en caso de redución de xornada.

Datos da empresa:

- Nome da empresa.
- CIF da empresa.
- Código conta cotización principal.
- Correo electrónico da empresa.
- Nome do representante da empresa.
- DNI do representante da empresa.

Instrucións da listaxe de traballadores previa á solicitude das medidas extraordinarias en materia de cotización e prestacións por desemprego

A listaxe de traballadores previa á solicitude das medidas extraordinarias en materia de cotización e prestacións por desemprego debe remitirse en formato Excel e seguindo as seguintes instrucións:

O ficheiro Excel consta de dúas pestanas, que obrigatoriamente deben ir debidamente cubertas.

Pestana 1. Datos dos traballadores.

Deben cubrirse todos os campos da folla Excel para cada traballador, mesmo aqueles que son comúns para todos os traballadores, como o número de conta ou a autoridade laboral competente, ou a data desde.

A consignación de todos os campos é obrigatoria, salvo o campo porcentaxe en caso de redución, que non se cubrirá para os traballadores que estean en suspensión de emprego.

Ademais, os campos seguintes teñen que ter exactamente a seguinte estrutura:

CAMPO NÚMERO DE CONTA: 15 díxitos coa seguinte distribución: RÉXIME (N4), PROVINCIA (N2) E NÚMERO (N9).

CAMPO NÚMERO DE SEGURIDADE SOCIAL 12 díxitos PROVINCIA (N2) E NÚMERO (N10).

CAMPO AUTORIDADE LABORAL COMPETENTE 2 díxitos segundo a táboa que se xunta.

CAMPO NÚMERO DE EXPEDIENTE 20 caracteres. Campo alfanumérico; dada a diferente codificación de cada autoridade laboral, cubrirase o código tal como figure na resolución da autoridade laboral.

CAMPO TIPO DE ERTE: 3 díxitos, segundo a táboa que se xunta. Consignarase o código da declaración responsable que se lle deba comunicar á Tesouraría Xeral da

Seguridade Social para a aplicación de exencións na cotización correspondentes ao mes de setembro de 2021 –é dicir, o código da declaración responsable que se debe presentar antes de que se solicite a liquidación de cotas durante o mes de outubro de 2021–.

DATA DESDE 8 díxitos co formato AAAAMMDD.

Pestana 2. Datos da empresa.

Os campos da segunda pestana só se deben cubrir unha vez e son todos obrigatorios.

Táboa cos das autoridades laborais

Código	Autoridade
01	Araba.
02	Albacete.
03	Alicante/Alacant.
04	Almería.
05	Ávila.
06	Badajoz.
07	Balears (Illes).
08	Barcelona.
09	Burgos.
10	Cáceres.
11	Cádiz.
12	Castellón/Castelló.
13	Ciudad Real.
14	Córdoba.
15	Coruña (A).
16	Cuenca.
17	Girona.
18	Granada.
19	Guadalajara.
20	Gipuzkoa.
21	Huelva.
22	Huesca.
23	Jaén.
24	León.
25	Lleida.
26	Rioja (La).
27	Lugo.
28	Madrid.
29	Málaga.

Código	Autoridade
30	Murcia.
31	Navarra.
32	Ourense.
33	Asturias.
34	Palencia.
35	Palmas (Las).
36	Pontevedra.
37	Salamanca.
38	Santa Cruz de Tenerife.
39	Cantabria.
40	Segovia.
41	Sevilla.
42	Soria.
43	Tarragona.
44	Teruel.
45	Toledo.
46	Valencia/València.
47	Valladolid.
48	Bizkaia.
49	Zamora.
50	Zaragoza.
51	Ceuta.
52	Melilla.
71	Andalucía.
72	Aragón.
75	Canarias.
77	Castilla-La Mancha.
78	Castilla León.
79	Cataluña.
80	Comunitat Valenciana.
81	Extremadura.
82	Galicia.
86	País Vasco.
99	Estatal.

Táboa cos códigos dos tipos de ERTE

Código	Autoridade
ERTE por IMPEDIMENTOS Á ACTIVIDADE:	
062	ERTE por IMPEDIMENTOS. DA 1 do RDL 24/2020.
067	ERTE por IMPEDIMENTOS. Art. 2.1 do RDL 30/2020.
074	ERTE por IMPEDIMENTOS. Art. 2 do RDL 2/2021.
078	ERTE por IMPEDIMENTOS. Art. 2 do RDL 11/2021.
083	ERTE por IMPEDIMENTOS. Autorizados a partir do 1-10-2021.
ERTE por LIMITACIÓNS NA ACTIVIDADE:	
068	ERTE por LIMITACIÓNS. Art. 2.2 do RDL 30/2020.
075	ERTE por LIMITACIÓNS. Art. 2 do RDL 2/2021.
079	ERTE por LIMITACIÓNS. Art. 2 do RDL 11/2021.
084	ERTE por LIMITACIÓNS. Autorizados a partir do 1-10-2021.
ERTE por FORZA MAIOR:	
069	ERTE por FORZA MAIOR. Art. 22 do RDL 8/2020. Empresas pertencentes a sectores cunha elevada taxa de cobertura e unha reducida taxa de recuperación de actividade, cuxa actividade se clasifique nalgún dos códigos CNAE-09 previstos no anexo do Real decreto lei 11/2021.
070	ERTE por FORZA MAIOR. Art. 22 do RDL 8/2020. Empresas con declaración de CADEA DE VALOR ou DEPENDENTES, segundo o procedemento a que se refire a disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, das empresas con ERTE por FORZA MAIOR 069.
ERTE por causas ETOP –económicas, técnicas, organizativas ou de produción– de empresas con CNAE-09 dos incluídos no anexo do Real decreto lei 11/2021:	
ERTE ETOP. Real decreto lei 24/2020:	
072	ERTE ETOP. Empresas que dispuñan deste tipo de ERTE desde a vixencia do Real decreto lei 24/2020.
ERTE ETOP. Empresas por CNAE-09:	
071	ERTE ETOP. Empresas que transitasen, entre o 1-10-2020 e o 31-1-2021, desde un ERTE por FORZA MAIOR a un ETOP.
076	ERTE ETOP. Empresas que transitasen, entre o 1-2-2021 e o 31-5-2021, desde un ERTE por FORZA MAIOR a un ETOP.
080	ERTE ETOP. Empresas que transitasen, entre o 1-6-2021 e o 30-9-2021, desde un ERTE por FORZA MAIOR a un ETOP.
085	ERTE ETOP. Empresas que transiten, entre o 1-10-2021 e o 31-1-2022, desde un ERTE por FORZA MAIOR a un ETOP.
ERTE ETOP. Empresas con declaración de CADEA DE VALOR ou DEPENDENTES, segundo o procedemento a que se refire a disposición adicional primeira do Real decreto lei 30/2020, das empresas con ERTE por FORZA MAIOR 069:	
073	ERTE ETOP. Empresas que transitasen, entre o 1-10-2020 e o 31-1-2021, desde un ERTE FORZA MAIOR a un ETOP.
077	ERTE ETOP. Empresas que transitasen, entre o 1-2-2021 e o 31-5-2021, desde un ERTE FORZA MAIOR a un ETOP.
081	ERTE ETOP. Empresas que transitasen, entre o 1-6-2021 e o 30-9-2021, desde un ERTE FORZA MAIOR a un ETOP.
086	ERTE ETOP. Empresas que transiten entre o 1-10-2021 e o 31-1-2022, desde un ERTE FORZA MAIOR a un ETOP.